

ANUNCIO

NAUTA SANXENXO, S.L.

ANUNCIO para a contratación do subministro de grúa pórtico mariña travelift provista de pluma para desarbolado.

Aprobados os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas, que rexen a contratación do subministro de grúa pórtico mariña travelift provista de pluma para desarbolado.

Obxecto: Subministro de grúa pórtico mariña travelift provista de pluma para desarbolado conforme ó prego de cláusulas administrativas particulares e o de prescricións técnicas.

1. **Prazo e duración do contrato:** o presuposto máximo de licitación, sen incluír o imposto sobre o valor engadido, é de 260.000€, o IVE ascende a 54.600€, e o presuposto máximo de licitación co IVE, é de 314.600,00 €. O prazo de duración do contrato será de cinco meses como máximo a contar dende o día seguinte ó da firma do contrato.
2. **Procedemento e tramitación:** a adxudicación realizarase mediante tramitación ordinaria e procedemento aberto.
3. **Lugar e prazo de presentación das ofertas:** as proposicións presentaranse no Rexistro Xeral de Nauta Sanxenxo, **de 9 a 14 horas, de luns a venres**, en sobres cerrados que poderán ser lacrados e precintados, firmados polo licitador ou persoa que o represente e coa documentación e requisitos esixidos na cláusula sete, dentro do prazo de corenta (40) días naturais a contar dende o seguinte ó do envío do anuncio do contrato de licitación á Comisión Europea para a súa publicación no Diario Oficial da Unión Europea. A licitación tamén se publicará no BOE, no DOG, no BOP e no perfil do contratante do órgano de contratación que figura na páxina web do Concello de Sanxenxo, www.sanxenxo.es. Faise constar que, si o prazo acabase en festivo ou sábado, ampliarase ó día seguinte hábil que non fose sábado.
4. **Criterios de adxudicación:** serán os determinados na cláusula 8ª e 9ª do prego de cláusulas administrativas que rexen esta contratación.
5. **Requisitos de solvencia económica e financeira:** Cifra anual de negocio (segundo se describe no prego de cláusulas administrativas).
6. **Requisitos de solvencia técnica e profesional:** Traballos realizados (segundo se describe no prego de cláusulas administrativas).
7. **Mesa de contratación:** constituirase conforme ó disposto na cláusula 10ª do prego de cláusulas administrativas.
8. **Garantías:** definitiva do 5% do importe total da adxudicación excluído o IVE.
9. **Entidade e información:** Nauta Sanxenxo. Teléfono: 986 720 517.
10. **Documentación:** recollerase en Nauta Sanxenxo e a través da web www.sanxenxo.es.

Sanxenxo, 11 de xaneiro de 2017



Gonzalo Gonzalo Pita
Presidente Consello de Administración